

Xunta, dicta conferencias, realiza traballos nos apartados da construción e decoración, destacando de forma especial no apartado de restauracións e rehabilitacións, onde podemos destacar os seguintes traballos:

**FERNANDO RODRÍGUEZ NESPEREIRA**

Realiza estudos universitarios na E.A.A.T.T. de Madrid onde se licencia no ano 1972 como Arquitecto Técnico en Execución de Obras.

Profesor numerario de Debuxo por oposición en prácticas de Delineación.

Membro da Comisión de Turismo da Cámara de Comercio de Ourense.

Desempeñou o cargo de Aparellador Municipal nos concellos de Entrimo, Muíños e A Rúa.

Ten traballado en distintas etapas para a Delegación de Facenda de Ourense e para as empresas "Arturo Fdz. y CIA" e "Hierros Cantábrico".

Realiza varios traballos por encargo da Consellería de Educación da

- Estudo, valoración e recomendacións para a rehabilitación da casa rural galega nas comarcas de Arzúa e Melide.

- Estudo da arquitectura, recursos turísticos e rehabilitación da casa labrega e o seu acomodo para o turismo rural na Ribeira Sacra Ourenzana.


- Inventario de recursos turísticos da Ribeira Sacra Ourenzana e Lucense.

No apartado de Exposicións cumpre subliñar:

- A nosa Arquitectura Rural.

- Ourense vello, o noso patrimonio.

- Arquitectura Popular na Ribeira Sacra Ourenzana.






# Patrimonio e rehabilitación

A arquitectura popular conséguese como resultado de conxugar dunha forma práctica e sinxela a necesidade de individuo de buscar un asentamento estábel, para poder vivir e relacionarse cos demais, de dispor de locais para almacenar produtos que o campo lle produce, así como alpendres e cortes para guardar a ferramenta e o gando que atende, todas esas edificacións feitas polo propio campesiño e a súa familia coa axuda e a colaboura dos artesanos da zona, resolvendo os problemas técnicos ao igual que en outras edificacións do mesmo entorno, cuxos resultados a nivel

Entendemos por Arquitectura Popular a forma de ordenación e construción que se fixo (fundamentalmente no medio rural) froito da experiencia e tradición dos oficios artesanos, empregando materiais autóctonos, transmitidas através do tempo.

A diferenza deste tipo de saber arquitectónico podemos contrapor a arquitectura culta, (relixiosa ou monumental) na que un experto, Mestre de obras ou Arquitecto, proxectaba e dirixía a obra con grandes pretensións, ao longo de anos e ademais daba collida no ente constructivo a outros artistas e oficios especialistas tais como escultores, pintores, orfebres, ect.

**A  
identidade  
constructiva  
forma parte da  
cultura, da  
tradição e da  
forma de ser das  
xentes, e calquera  
alteración desta  
identidade  
tipolóxica ou  
formal supón unha  
perda irreparable  
e un olvido da nosa  
historia**



práctico e funcional están sancionados pola experiencia ao longo dos anos creando así unha tipoloxía determinada.



A arquitectura popular ou rural está moi ligada aos factores humano-agrícolo-gandeiro, de tal xeito que as variacións ou trocos de ordenación, asentamento, tipoloxía, forma das construcións están condicionadas dun xeito definitivo polo tipo de vida agrícola do campesiño e o medio no que se desenvolve.

O tipo de agricultura varía duns lugares a outros, en función da composición da terra, o clima, a orientación das ladeiras e de se o seu emprazamento está na ribeira ou na

montaña. Igualmente é normal que a arquitectura popular, (aínda que a nós nos pareceza semellante) varíe duns lugares a outros da nosa mesma xeografía, influíndo tamén na diferenciación da arquitectura o tipo de materiais cos que se constrúe segundo o existente na zona, os costumes e as tradicións.

Por esta razón, resulta normal atopar grandes diferencias na función e tipoloxía da vivenda rural da casa galega, desde a casa mariñeira de alegre colorido aberta e soleada, á casa da montaña de construción austera, pequenos ocos na fachada, pequenas galerías orientadas ao sur, abrigadas unhas casas contra as outras ao acollido dos ventos, e a casa da ribeira con balcóns, corredores, solainas, terrazas e patios (na que se fai a maior parte da vida doméstica), diferenciada ademais polas construcións

auxiliares adosadas ou ailladas nas que se ubican as cortes, adegas, canastos, airas, parrais, segundo o cultivo dominante sexa a vide ou os cereais.

A cultura do viño trae como consecuencia construcións rurais como adegas, lagares e parrais, a cultura do pan a construción de airas, canastos, muiños e fornos.

Mais non son só arquitectura popular as construcións domésticas individuais, senon que tamén podemos destacar as construcións comunais como petos de áni-

**Todo este tipo de construcións e de arquitectura culta, constitúen o patrimonio inmobiliario popular, herdado por tradición dos nosos antepasados**


mas, cruceiros, capelas, pasais, pontóns ou fontes.

Todo este tipo de construcións e de arquitectura culta constitúen o patrimonio inmobiliario popular herdado por tradición

- **Patrimonio de Orixen Relixioso**, tais como mosteiros, santuarios, igrexas, ermitas e casas rectorais.

- **Patrimonio Comunitario Rural**, composto por muiños, fornos, pontes, airas, petos de ánimas, cruceiros, fontes,

**Entendemos por arquitectura popular a forma de ordenación e construción que se fixo, fundamentalmente no medio rural, froito da experiencia e tradición dos oficios artesanos, empregando materiais autóctonos, transmitidos através do tempo.**



secular dos nosos antepasados, froito da elaboración constructiva de oficios artesanos e que nos deixa mostra da sabiduría popular, a tradición e as formas de vida das xentes do campo.

Este amplo patrimonio podemos dividilo para o seu estudo en varios apartados:

- **Patrimonio Privado Monumental**, formado por algúns pazos e castelos de importancia.

- **Patrimonio Público Monumental**, como son fortalezas, murallas, castelos e algúns edificios municipais e culturais.

etc.


E por último

- **Patrimonio Privado Rural**, formado pola maioría dos pazos, casas solariegas, casas de aldea ou labranza.

Por outra parte contamos con un **patrimonio natural** composto por todo o potencial orográfico de natureza e medio ambiente que nos rodea e que omitimos aquí por non ser tema deste traballo.

O estado actual de conservación dos nosos núcleos rurais, grandes ou pequenos, onde se enclavan a maioría das construcións

que compoñen o patrimonio privado rural e que son o obxecto desta charla, varía notablemente duns sitios a outros, aínda que



desgraciadamente predomina unha paisaxe rural alterada, que se foi modificando nestos 30 últimos anos, perdendo a súa identidade natural con novas formas constructivas, emplazadas no corazón dos tradicionais núcleos rurais, levantadas con materiais novos que non guardan relación co medio, con volumens desproporcionados de acordo coa tipoloxía existente que farán que pronto nos esquezamos arquitectura popular tradicional polo desprecio que amosamos cara a súa conservación, derrubando sen sentido cousas ou elementos singulares.

Este problema está xenerado fundamentalmente, pola falta de normativas que regulen a tipoloxía e materiais destas construcións e tamén pola pouca sensibilización que cara o noso patrimonio temos.

Consideramos importante defender a nosa cultura, a nosa literatura, a nosa personalidade como povo, a nosa lingua propia,

nunha palabra, o noso elementos diferenciador, mais desgraciadamente aínda non caemos en defender o froito de todo o anteriormente dito, o material, como é o patrimonio rural arquitectónico, a expresión feita edificación do noso feito cultural diferenciado.

A Arquitectura rural é a nosa cultura, o noso ser como povo; e a pesar das evolucións e melloras que sen dúbida se producen no campo da edificación, non podemos derribar ou borrar as pegadas do pasado.

Estamos obrigados a correxir no posíbel esta diferenza, e tentar aportar desde aquí toda a nosa forza para difundir o patrimonio que aínda temos, axudando a sensibilizar a todos os estamentos e persoas implicadas na súa conservación e mantemento.

Á hora de entrar a considerar a rehabilitación das edificacións rurais, centráremo-

**Pequenos detalles fan que a arquitectura popular varie dunhas zonas a outras, e esto débese coidar.**

nos no patrimonio privado rural, formado pola maioría dos pazos, casas solariegas e casas de aldea ou labranza, por seren as construcións máis susceptíbeis de se transformar en aloxamento para o turismo rural, e tamén porque como é sabido, a Administración Galega, por medio da Secretaria Xeral para o Turismo, establece na Orde do 26 de Febreiro de 1992 (sobre ordenamento dos aloxamentos do turismo rural), unha clasificación específica para estes establecementos, diferenciando os pazos, as casas de aldea e labranza, separando os que son hospederías dos que son residencias.

Cando escollemos ou dispomos dunha edificación antiga, que pretendemos rehabilitar, entre outros fins, por exemplo, para o turismo rural, debemos ter en conta, e de forma clara, o concepto e o fin a conquistar con estas edificacións, para o que nada


mellor que preguntarnos ¿que lle gustaría atopar ao turista rural e de que servicios dispor cando chegue a un aloxamento de turismo rural?

En esquema, poderemos fixar os seus desexos en orde aos seguintes criterios:

- Unha casa antiga, a ser posíbel con historia, que lle dé carácter e sexa de tipoloxía e con materiais da zona.
- Que se fixera nela unha rehabilitación fiel á identidade primitiva da casa, sen borrar as pegadas de identidade e os signos de permanencia de outro tempo.
- Que a edificación estexa próxima a un núcleo povoado, pero a ser posíbel aislada.
- Que teña terreo ao redor para recreo e descanso, e poida contar a mais con estacións adecuadas. E por último,
- Que desde o lugar escollido como estancia se poida disfrutar do ocio, cultura,

**Temos a gran oportunidade de dar vida aos povos hoxe abandonados, recuperar as nosas tradicións e conservar o noso patrimonio rural como obrigación e contribución a tantos anos de esforzo e tradición na Arquitectura Popular Galega.**





deportes, folclore, gastronomía, etc. en lugares cercanos, de fácil acceso, ou por medio de rutas xa establecidas.

De todos estos factores, os que debemos ter en conta a efectos de rehabilitación, e que forman parte dunha grande porcentaxe da satisfacción que o cliente poida atopar no aloxamento turístico rural, son os que se refiren á casa propiamente dita, e aos seus arredores.

- Debemos estudar a forma da edificación, antigüidade e historia, que nos dirá, a

nada que nos fixemos, o por que da súa forma constructiva, a súa disposición e orientación, comprendendo o seu funcionamento e o por que da súa distribución.

- O programa de necesidades de acordo co uso e función que primitivamente tiña, que nos obrigará a encaixar o novo programa nos rixidos muros de carga e pechamento existentes do antigo, así como a buscar alternativas con reformas e modificacións de algúns elementos

constructivos, co fin de adaptar o edificio existente ás novas esixencias que demanda o aloxamento rural e de acordo cos servizos e comodidades da nosa época.

Unha vez estudada a casa a rehabilitar, debemos diferenciar nela o importante do accesorio ou decorativo. Por iso, os elementos constructivos que compoñen a edificación pódense catalogar en tres grupos diferenciados.

Elementos fundamentais:

**Consideramos importante defender a nosa cultura, a nosa literatura, a nosa personalidade como povo, nunha palabra, o noso elemento diferenciador. Mais desgraciadamente, aínda non caemos en defender o froito de todo o anteriormente dito, o material como é o patrimonio rural arquitectónico, a expresión feita edificación do noso feito cultural diferenciado**


**Variacións,  
trocos de  
ordenación,  
asentamen-  
to, tipoloxía  
e forma das  
construc-  
cións, están  
condiciona-  
das  
dun xeito  
definitivo  
polo tipo de  
vida  
agrícola do  
campesino e  
o medio no  
que se  
desenvolve**

aqueles que non se poden tocar baixo pena de trocar e desnaturalizar as características dun patrimonio rexional concreto, como son:

- A forma e compacidade dun volumen xeral.
- O tipo de cuberta e a súa pendente.
- A disposición e tamaño dos ocos de fachadas, corredores e galerías.
- A composición constructiva e revestimen-

E por último, no estudo atoparemos os elementos accesorios que non definen a edificación, e por tanto poden modificarse con total liberdade.

- Os materiais que posúen a primitiva edificación, a súa calidade e composición, igualmente condicionaranos a mantelos na medida do posíbel, ou a substituílos por outras técnicas máis avanzadas pero que non interfiran de modo destacado no



to dos muros.

- Algunhas chimeneas relevantes.

Elementos interesantes:

son aqueles nos que a súa modificación debe realizarse con precaución, a fin de non alterar ou perder parte do valor histórico da casa. Isto é:

- A forma das xanelas e verxas.
- A distribución interior de algunhas estancias singulares, como galerías, cocinas ou alas.
- As chimeneas.
- As barandillas e balconadas.

aspecto xeral da edificación a rehabilitar.

E xa por último, os arredores e construcións auxiliares existentes, cuxa modificación será máis destacada trocando o uso das cuadras que agora non teñen razón de ser, por estancias para salóns ou dormitorios, tentando deixar no posíbel, as pegadas do seu primitivo uso. Tamén os terreos ermos se adaptarán, producíndose unha modificación substancial para acondicionalos a espazos de recreo e ocio que guarden relación coas necesidades do noso visitante.



Todas estas consideracións son premisa obrigada a plantexar á hora de nos enfrentar á rehabilitación dun edificio, ben sexa pazo, casa solariega, casa de aldea, que teña unha relevancia considerábel e que pola súa historia e posicionamento dentro do núcleo rural sexa elixido para os fins que xa describíramos.

real, dos materiais empregados e do sistema constructivo e funcionamento. En canto estudamos o hábitat que nos rodea e a pouco que nos fixemos, poderemos comprobar os signos de pertenza a súa cultura, os que son propios dun povo e que fan que estos se diferencien uns de outros, dándolle personalidade propia.

Pequenos detalles fan que a arquitectura popular varíe dunhas zonas a outras e isto



Rehabilitar supón volver a habitar, volver a dar o uso a un edificio que co paso do tempo perdera. Supón sempre unha conservación máis ou menos acentuada na que debemos deixar constancia dos elementos fundamentais que compoñen a edificación, da función e das súas señas de identidade.

Por iso é fundamental e necesario investigar através da historia da construción

débese cuidar. Na nosa rexión, como en tantas outras, as condicións climáticas, a orografía e os costumes populares crearon varias tipoloxías e formas propias da construción diferenciadas, delimitadas en áreas homoxéneas xeográficas, con similares características arquitectónicas.

Así, débese estudar a tipoloxía na zona, a forma e construción dos vós, corredores, galerías, balcóns, escaleiras ou cubertas.

**Rehabilitar supón sempre unha conservación máis ou menos acentuada na que debemos deixar constancia dos elementos fundamentais que compoñen a edificación, da función e das súas señas de identidade.**

Igualmente se pode establecer unha normativa mais ou menos rixida que condicione o tipo de materiais a introducir na rehabilitación, co fin de harmonizar cos existentes, pero o que debemos ter moi claro é que a identidade propia do feito constructivo non se pode alterar nen perder con nengún tipo de intervención ou rehabilitación.

Porque a identidade constructiva forma parte da cultura, da tradición e da forma de ser das xentes e calquera alteración desta identidade tipolóxica ou formal supón unha perda irreparábel e un olvido da nosa historia.

Enos habitual e ademais alabamos a forma na que os povos estranxeiros, sobre todo do centro de Europa, souberon conservar as contrucións rurais, incluso en lugares afectados polas guerras mundiais, reconstruíndo, rehabilitando e dando de novo vida á peculiaridade da súa arquitectura, de tal forma que hoxe son un exemplo para nós e un motivo turístico o visitalos.

Os nosos pazos, inmortalizados literariamente por Valle-Inclán e Torrente Ballester, forman parte inseparábel da paisaxe galega, así como as nosas casas solariegas ou pequenas casas de aldea que teñan ou non, nas súas fachadas, os escudos con armas e linaxe, son un anaco do noso acerbo cultural e é a nosa tarefa e obriga- ción conservalos e contribuir a que esta

riqueza non se perda.

Poderán logo realizarse rehabilitacións con materiais e formas constructivas diferentes a todo o dito, con materiais e técnicas novas, por profesionais especializados, que sexan capaces de harmonizar e conxugar a beleza do vello coa lixeireza do novo, pero de nengún modo a rehabilitación pode quedar a expensas de criterios vanais ou sen consistencia, coa teoría de que por ser novo é mellor, xa que iso nos levaría a destrozar e alterar o noso patrimonio rural e perder para sempre as nosas señas de identidade.

Co turismo rural, co que estamos ilusionados e seguimos traballando para o seu rexurdimento nestes últimos anos, temos a gran oportunidade de dar vida aos povos hoxe abandonados, recuperar as nosas tradicións e conservar o noso patrimonio rural como obrigación e contribución a tantos anos de esforzo e tradición na Arquitectura Popular Galega.